

ACTIVIDADES

- Programación Sala Marilyn Monroe, xaneiro 2020. Fórum Metropolitano
- Programación Sala Fernando Rey, xaneiro 2020. Fórum Metropolitano
- Programación CGAI xaneiro-febreiro 2020
- Proxección da curta de animación "Homomaquia". Teatro Colón
- Proxección de "Esquece Monelos". Centro Cívico San Diego
- Ciclo Principal, Primavera 2020. Teatro Rosalía
- Ciclo "Sen Numerar", Primavera 2020. Fórum Metropolitano
- II Edición do Encontro Estatal Mulleres Radiantes. NORMAL da UDC
- Xornadas de Portas Abertas Roller Derby. Irmandiñas Coruña Roller Derby
- Ruta de sendeirismo "Pena de Rodas, Cova da Serpe". Sociedade de Montaña Ártabros
- Axenda de concertos semanal na Coruña

BOLSAS

- Axudas para participar nun programa de inmersión lingüística en inglés en España. Ministerio de Educación e FP

CURSOS

- Programa de Lecer Primavera 2020. Fórum Metropolitano
- Programa de Lecer Primavera 2020. Centro Ágora
- Obradoiros para o 2º cuadrimestre. NORMAL da UDC

CONCURSOS

- Certame de Cartas de Amor 2020. Concello de Cangas
- Concurso de carteis da Feira do Grelo. Concello das Pontes
- II Concurso de curtos "Mocidade ante o 8M". Unión Sindical Obrera (USO)
- 29º Certame de narracións breves Manuel Murguía. Concello de Arteixo
- Concurso de Curtas Senda dos Faros. Secretaría Xeral de Política Lingüística

VARIOS

- Tarxeta Xente Nova: ampliación da idade ata os 20 anos. Xunta de Galicia

ACTIVIDADES

Programación Sala Marilyn Monroe, xaneiro 2020

A sala Marilyn Monroe do Fórum Metropolitano presenta en xaneiro o ciclo de cine "Estreos en V.O."

CANDO:

- 16, 17 e 18 de xaneiro: "**Enemigos íntimos**" ("Frères ennemis"), de David Oelhoffen (Francia, 2018). V.O.S. en castelán. NRM 16 anos
- 23, 24 e 25 de xaneiro: "**O crente**" ("La prière"), de Cédric Kahn (Francia, 2018). V.O.S. en castelán. NRM 12 anos
- 30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro: "**A sombra do pasado**" ("Werk ohne autor"), de Florian Henckel von Donnersmarck (Alemania, 2018). V.O.S. en castelán. NRM 12 anos.

HORARIO:

- xoves e venres ás 20.15 h
- sábados ás 17.15 e 20.15 h **Excepto "A sombra do pasado", que se proxectará só ás 20.15 h.*

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2€)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.15 h): prezo único 1,50€
- Abonos 5 películas: 12€

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, 1/2 hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

WEB: www.coruna.gal/cultura



Programación Sala Fernando Rey, xaneiro 2020

A sala Fernando Rey do Fórum Metropolitano presenta en xaneiro un ciclo de cine en 35 mm.

CANDO:

- 16, 17 e 18 de xaneiro: "**El último traje**", de Pablo Solarz (España-Argentina, 2017). V.O. en castelán. NRM 7 anos
- 23, 24 e 25 de xaneiro: "**Betibú**", de Miguel Cohan (España-Argentina, 2014). V.O. en castelán. NRM 12 anos
- 30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro: "**Tiempo sin aire**", de Samuel Martín Mateos (España, 2015). V.O. en castelán. NRM 16 anos.

HORARIO:

- xoves e venres ás 20.30 h
- sábados ás 17.30 e 20.30 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2€)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.30 h): prezo único 1,50€
- Abonos 5 películas: 12€

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, 1/2 hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

WEB: www.coruna.gal/cultura



ACTIVIDADES

Programación CGAI xaneiro-febreiro 2020

O CGAI programa os seguintes ciclos de cinema para os próximos dous meses: o ciclo "Esenciais" dedicado ao cineasta estadounidense Stanley Kubrick, a 3ª parte do ciclo dedicado ao director Alfred Hitchcock "Universo Hitchcock", o ciclo de cinema español "Banda á parte" e, por último, as habituais seccións "Desencadres" (Stan Brakhage e Jodie Mack), "Pensando en cine / Pensando en Galicia" (Xosé Manuel Pereiro), "Off Galicia" (Novo Cinema Galego), "Fóra de serie" e "Cgai Júnior"

CANDO: do 07/01/2020 ao 29/02/2020

PREZO:

- Xeral: 1,20€
- Carné Xove: 0'60€
- Abono para 10 sesións: 9€

- As sesións *gratuítas* notificaranse no programa
- A venda de entradas iniciárase 15 min. antes de comezar a sesión (non hai venda anticipada)
- Só se venderán máximo 2 entradas por persoa

LUGAR / INFORMACIÓN:

CGAI

Rúa Durán Loriga, 10-baixo (15003 - A Coruña)

Tel. 881 881 270

correo-e: programacion@cgai.org

Web: <https://cgai.xunta.gal>

*Arquivo: [programación completa .pdf \(490 KB\)](#)



Proxección da curta de animación "Homomaquia"

El Teatro Colón proxecta en xaneiro "Homomaquia", do director David Fidalgo, unha das curtametraxes galegas que opta a estatuíña na 24ª edición dos Premios Goya.

A cinta, de 12 minutos de duración, denuncia o maltrato animal a través de seres humanos despoxados da súa capacidade de falar e razoar. Presenta un mundo en que os seres humanos son tratados do mesmo xeito que estes tratan aos animais, en concreto, aos touros.

Tras o visionado haberá un coloquio no que participarán o director, David Fidalgo, a productora, Chelo Loureiro, e o autor da música, Nani García.

CANDO: 17/01/2020


HORARIO: ás 20.30 h.

PREZO: entrada gratuíta, ata completar capacidade

LUGAR: **Teatro Colón**

Avda. de la Marina, 7 A (15003 - A Coruña)

WEB: www.coruna.gal



Proxección de "Esquece Monelos"

A Asociación de Veciños Oza Gaiteira Os Castros repite a proxección do documental de Ángeles Huerta "Esquece Monelos", esta vez no Centro Cívico Municipal de San Diego.

A obra, galardoada con 3 premios Mestre Mateo (mellor documental, mellor fotografía e mellor montaxe), vólvese da desaparición do río Monelos baixo a cidade da Coruña para reflexionar sobre como se perde a memoria dos lugares e das súas xentes.

CANDO: 22/01/2020

HORARIO: 19.00 h

PREZO: entrada gratuíta ata completar a capacidade

LUGAR: **Centro Cívico de San Diego**

Parque de San Diego, s/n (15006 - A Coruña)

WEB: www.redeoz.org



ACTIVIDADES

Ciclo Principal, Primavera 2020

No Teatro Rosalía 12 espectáculos completan un novo ciclo de teatro cheo de comedia, drama, clásicos...

CANDO: do 24/01/2020 ao 16/05/2020

- 24 e 25 de xaneiro. **TODAS LAS NOCHES DE UN DÍA**, de Alberto Conejero. Tarifa E
- 31 de xaneiro e 1 de febreiro. **AY CARMELA**, de Sanchís Sinisterra. Tarifa A
- 7 e 8 de febreiro. **VIDA DE CANS**, de Cándido Pazó. Tarifa B
- 14 e 15 de febreiro. **CONSERVANDO MEMORIA**, de Izaskun Fernández e Julián Sáenz. Tarifa U
- 28 e 29 de febreiro. **MESTIZA**, de Julieta Soria. Tarifa A
- 6 e 7 de marzo. **LA ISLA**, de Juan Carlos Rubio. Tarifa B
- 13 e 14 de marzo. **NEKRASSOV**, de Jean-Paul Sartre. Tarifa ABADÍA
- 27 de marzo. **WHAT IS LOVE? BABY DON'T HURT ME**, versión libre do Ivánov de Chéjov. Tarifa B
- 3 de abril. **TRACES**, de Felwine Sarr. Tarifa B
- 17 e 18 de abril. **PROSTITUCIÓN**, de Albert Boronat e Andrés Lima. Tarifa E
- 8 e 9 de maio. **SUEÑO DE UNA NOCHE DE VERANO**, de William Shakespeare. Tarifa E
- 15 e 16 de maio. **A COMPAÑEIRA DE PISO**, de Jen Silverman. Tarifa B

HORARIO: todas as funcións son ás 20.30 h.

LUGAR: Teatro Rosalía Castro

R/ Riego de Agua, 37 (15001- A Coruña)

PREZO:

Tarifa Abadía: 26'00, 22'00, 18'00, 12'00 €

Tarifa Especial: 21'50, 15'00, 13'00, 9'50 €

Tarifa A: 18'00, 14'00, 11'00, 9'50 €

Tarifa B: 14'00, 10'00, 8'00, 6'50 €

Tarifa U: 12'00 €

*descontos: desempregadas/os e carné

xove: -20% ; familias numerosas: -25%

WEB: www.coruna.gal/cultura



Ciclo "Sen Numerar", Primavera 2020

O ciclo de artes escénicas "Sen Numerar" presenta a súa nova programación no Fórum Metropolitano

CANDO: do 24/01/2020 ao 22/05/2020

- 24 de xaneiro: comedia musical en galego "**O CANDIL**", da Escola Galega de Teatro Musical
- 7 de febreiro: espectáculo de teatro contemporáneo documental en castelán "**CELEBRARÉ MI MUERTE**", da Cía. EQM Seveis Culturals
- 13 de marzo: teatro unipersonal feminino en castelán "**CHICAS Y CHICOS**", da Cía. El Sol de York
- 27 de marzo: obra de teatro contemporáneo en galego "**TEATRO INVISIBLE**", de Matarile Teatro
- 3 de abril: comedia en galego "**MINOTAURUS VULGARIS**", de Lucecus Teatro
- 17 de abril: espectáculo histórico en galego "**OS NENOS DA VARÍOLA**", con Xosé Leis, Isabel Risco..
- 15 de maio: traxicomedia en galego "**O MEL NON CADUCA**", de Ibuprofeno Teatro
- 22 de maio: traxicomedia en galego "**30 E TANTOS OSOS**", da Cía. Aporía Escénica

HORARIO: todas as funcións son ás 21:00 h.

PREZO: 9€ (carné xove,+65,desempregados:7€)

Venda de entradas:

- Praza de Ourense: de luns a venres de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

- Fórum Metropolitano: os días de función desde 1 h. antes (só se quedan entradas dispoñibles)

- online: www.eventbrite.es

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

WEB: www.coruna.gal/cultura



ACTIVIDADES

II Edición do Encontro Estatal Mulleres Radiantes

CUAC FM, coa colaboración da Universidade da Coruña e a Deputación da Coruña, organiza en NORMAL unhas xornadas cheas de actividades, charlas e talleres sobre muller, radio e comunicación comunitaria

CANDO: 17 e 18 de xaneiro de 2020

HORARIO:

- venres 17 de 17.00 a 21.00 h.
- sábado 18 de 9.00 a 21.00 h.

LUGAR: **NORMAL**

Paseo Ronda, 47 (15011 - A Coruña)

PREZO: de balde

MÁIS INFORMACIÓN:

CUAC FM

Tel.: 881 012 232 / 644 737 303

correo-e: comunicacion@cuacfm.org

www.facebook.com/cuacfm



Xornadas de Portas Abertas Roller Derby

Irmandiñas Coruña Roller Derby organizan en xaneiro unhas xornadas de portas abertas para difundir este deporte e informar e asesorar a quen queira xogar, arbitrar ou axudar como voluntaria/ou en pista

CANDO: ata o 31 de xaneiro de 2020

LUGAR:

- martes (14, 21 e 28 de xaneiro) de 21.00 a 23.00 h. no [Polideportivo Monte das Moas](#)
- venres (17, 24 e 31 de xaneiro) de 20.00 a 21.00 h. na [pista cuberta de INEF \(Bastiaqueiro-Oleiros\)](#)

REQUISITOS:

- Ser maior de 15 anos
- Non é necesario ter coñecementos previos ou experiencia con patíns
- Capacidade para traballar en equipo, dentro e fóra da pista

PREZO: entrada libre

MÁIS INFORMACIÓN:

Irmandiñas Coruña Roller Derby

Tel.: 646 288 132

correo-e: irmandinasrd@gmail.com

www.facebook.com/irmandinasrd

www.corunarollerderby.es



Coñece e Camiña: "Pena de Rodas, Cova da Serpe"

A Sociedade de Montaña Ártabros organiza a primeira ruta de sendeirismo de 2020, "Pena de Rodas, Cova da Serpe", polo municipio lugués de Friol (nivel técnico e físico: baixo ; lonxitude da ruta: 18 km)

CANDO: 26 de xaneiro de 2020

HORARIO: saída ás 8:00 h. da esplanada de Riazor, parada en Avda. Alfonso Molina (Estación de Buses)

INSCRICIÓNS: ata o 24/01/2020

REQUISITOS:

- Inscripción na secretaría do Club, por mail ou tel. (*de luns a xoves de 20 a 22 h., venres de 18 a 20 h.*)
- Material: calzado de trekking, vestimenta axeitada, mochila, auga e algo para comer

PREZO:

- Socios: federados: 11 € / non federados: 12 €
- Non socios: 18 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Sociedade de Montaña Ártabros

C/ Santa Teresa, 14 (15002 - A Coruña)

Tel.: 981 21 31 15

correo-e: artabros@artabros.org

<https://artabros.org>



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Teatro Colón. Avda. da Marina, 7 (15001-A Coruña)

www.facebook.com/TeatroColonACoruna/

xoves 16 ás 20.30 h.: **MORGAN**. Entrada: desde 20€

sábado 18 ás 20.30 h.: **ORQUESTA DE CÁMARA DE GALICIA, homenaxe Rogelio Groba**. Entrada: 5€

domingo 19 ás 12.00 h.: **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA**. Entrada: gratis

Teatro Rosalía. R/ Riego de Agua, 37 (15001–A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

martes 21 ás 20.00 h.: **SOCIEDAD**

FILARMÓNICA DA CORUÑA “La Ritirata”.

Entrada: 5€ (-25 anos) / 20€

Sala Filomatic. R/ San José (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salafilomatic

sábado 18 ás 22.30 h.: **SIRLA**. Entrada: 8€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

sábado 18 ás 22.30 h.: **METALMANÍA –**

Metallica Show. Entrada: 14€

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre,8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 17 ás 22:30 h.: **THE LEVITANTS**. Entrada: 10€/12€

Bâbâ Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

mércores 15 ás 21.00 h.: **GREG IZOR (AUSTIN) + JAVIER TURNES BLUES DUO**. Entrada: 7€

venres 17 ás 22.00 h.: **TRAC**. Entrada: 6€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 16 ás 21.30 h.: **FOLIADAS NA CORUÑA**. Entrada: 4€

venres 17 ás 22.30 h.: **PAULA "PARKER" GROUP**. Entrada: 10€

sábado 18 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**. Entrada: 10€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

mércores 15, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **TRIBUTO DE TRIBUTOS 2019**. Entrada: 8€

venres 17, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **CHEFA, FITO & BER TRÍO**. Entrada: 10€

sábado 18, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **PARAPHEMALIA QUARTET**. Entrada: 8€

mércores 22, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **BUXEIRO TRÍO**. Entrada: 8€



Axudas para participar nun programa de inmersión lingüística en inglés en España

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca axudas destinadas a alumnado de 6º curso de Ed. Primaria e 2º curso de ESO para o desenvolvemento dun programa de inmersión lingüística en lingua inglesa en España durante a primavera de 2020.

Convócanse 70 axudas (36 axudas para grupos de estudantes de 6º de Educación Primaria e 34 axudas para grupos de estudantes de 2º de ESO), co obxectivo de estimular a práctica oral da lingua inglesa en contornas comunicativas non formais, desenvolver actividades de interese científico e ambiental e promover a convivencia con alumnado doutros lugares de España.

Durante o desenvolvemento do programa, a lingua vehicular na que se desenvolverán todas as actividades será o inglés.

CANDO: a actividade levarase a cabo desde o 19 de abril ao 23 de maio de 2020, en réxime intensivo, en 5 períodos semanais, de domingo pola tarde a sábado pola mañá, de acordo co seguinte calendario:

- 1ª quenda: do 19 ao 25 de abril
- 2ª quenda: do 26 de abril ao 2 de maio
- 3ª quenda: do 3 ao 9 de maio
- 4ª quenda: do 10 ao 16 de maio
- 5ª quenda: do 17 ao 23 de maio

INSCRICIÓNS: ata o 10/02/2020, a través do formulario accesible na sede electrónica do Ministerio de Educación e FP www.educacionyfp.gob.es

REQUISITOS:

- Cursar estudos de 6º de Educación Primaria ou 2º de Educación Secundaria Obrigatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos
- Constituír grupos de 20 a 25 estudantes.
- Presentar un proxecto de participación, orixinal e específico para esta convocatoria e para o nivel educativo do alumnado.

DOTACIÓN: participación gratuíta na actividade.

O traslado desde o lugar de residencia ata o centro de inmersión lingüística corre por conta das persoas participantes.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ministerio de Educación e FP
Los Madrazo, 15 (28014 - Madrid)
Tel.: 910 837 937
mail: inmersion.ingles@educacion.gob.es
Web: www.educacionyfp.gob.es

PUBLICACIÓN: [BOE 26/12/2019](http://BOE-26/12/2019) (extracto)

Base de Datos Nacional de Subvencións:
[BDNS\(Identif.\): 488400](http://BDNS(Identif.):488400)



CURSOS

Programa de Lecer Primavera 2020. Fórum Metropolitano

O Fórum Metropolitano abre o período de inscrición nos talleres do programa de lecer de febreiro a maio de 2020 dentro das seguintes áreas temáticas: cidade, arquitectura e viaxes, literatura, astronomía, historia e arte, teatro, música, cine, mindfulness, medio natural, creatividade manual e un monográfico sobre os maravillosos anos 20, ademais dunha oferta específica para familias e para maiores de 70 anos

CANDO:

- **Preinscrición:** na conserxería do Fórum o **13, 14 e 15 de xaneiro**, de 9 a 14 e de 16 a 20 h. ou vía telemática en www.coruna.gal/cultura
- **Sorteo:** 16 de xaneiro ás 10:00 h.
- **Adxudicación de prazas:** o **20 de xaneiro** ás 9:00 h., no Fórum e en www.coruna.gal/cultura
- **Inscrición:** **20, 21 e 22 de xaneiro** na conserxería do Fórum de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h. Para formalizar a inscrición será necesario aboar o importe do taller correspondente
- **Lista de agarda:** o 27 de xaneiro contactarase coas persoas en lista de agarda, que terán como prazo de inscrición o 28 de xaneiro. O 29 de xaneiro haberá unha 2ª rolda de chamadas, que terá como prazo de inscrición o 30 de xaneiro
- **Prazas vacantes:** a partir del 31 de xaneiro
- **Inicio de talleres:** a partir do 3 de febreiro

PREZO: tarifa xeral 30€/taller

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 A Coruña)

Tel.: 981 184 293 - correo-e:forumocio@coruna.es

www.facebook.com/ForumMetro

WEB: www.coruna.gal/cultura

*Arquivo: [descargar programa completo .pdf \(574 KB\)](#)



Programa de Lecer Primavera 2020. Centro Ágora

O Centro Ágora abre el período de inscrición dos talleres de lecer de febreiro a maio de 2020 dentro das seguintes áreas temáticas: historia e arte, literatura e escritura, cine, teatro, debuxo, música, fotografía, cidadanía e contorna, mindfulness, astronomía, creatividade manual, actividade motriz, cociña, medio natural e un monográfico sobre os maravillosos anos 20, ademais dunha oferta específica para persoas maiores de 70 anos, para familias e un taller de cociña para público de 8 a 16 anos

CANDO:

- **Preinscrición:** na conserxería do Ágora os días **13, 14 e 15 de xaneiro**, de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h. ou vía telemática en www.coruna.gal/cultura
- **Sorteo:** 16 de xaneiro ás 10:00 h.
- **Adxudicación de prazas:** o **20 de xaneiro** ás 9:00 h., no Ágora e en www.coruna.gal/cultura
- **Inscrición:** **20, 21 e 22 de xaneiro** na conserxería do Ágora de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h. Para formalizar a inscrición será necesario aboar o importe do taller correspondente
- **Lista de agarda:** o 27 de xaneiro contactarase coas persoas en lista de agarda, que terán como prazo de inscrición o 28 de xaneiro. O 29 de xaneiro haberá unha 2ª rolda de chamadas, que terá como prazo de inscrición o 30 de xaneiro
- **Prazas vacantes:** a partir del 31 de xaneiro
- **Inicio de talleres:** a partir do 3 de febreiro

PREZO: tarifa xeral 30€/taller

LUGAR / INFORMACIÓN:

Centro Ágora

Lugar da Gramela, 17 (15010 A Coruña)

Tel.: 981 189 888 - correo-e:forumocio@coruna.es

WEB: www.coruna.gal/cultura

*Arquivo: [descargar programa completo .pdf \(1 MB\)](#)



Obradoiros para o 2º cuadrimestre en NORMAL

A Universidade da Coruña abre o prazo de inscrición nos obradoiros creativos ofertados para o 2º cuadrimestre do curso 2019-2020 en NORMAL Espazo de Intervención Cultural da UDC:

- **Aprender a tinxir con tintes naturais**: do 28/01/20 ao 17/03/20, os martes e xoves de 17.00 a 19.00 h. Aula 2.6 de NORMAL
- **Fotografía**: do 29/01/20 ao 07/05/20, os martes de 18.30 a 21.00 h. Aula 2.7 de NORMAL
- **Radio**: do 11/03/20 ao 21/03/20, mércores e xoves de 17.00 a 20.00 h. CUAC FM (Campus da Zapateira)
- **Creación de Art Toys con materiais de refugallo**: do 30/01/20 ao 16/04/20, os xoves de 17.00 a 20.00 h. Aula 2.2 de NORMAL
- **Música chintofónica - Música experimental**: do 29/01/20 ao 08/04/20, os mércores de 17.00 a 20.00 h. Aula 2.1 de NORMAL
- **Creación artística a partir da poesía de Miguel Anxo Fernán Vello**: do 31/01/20 ao 24/04/20, os venres de 18.45 a 21.30 h. Aula 2.2 de NORMAL
- **Restauración de mobles**: do 31/01/20 ao 17/04/20, os venres de 17.30 a 20.30 h. Taller de Mónica Arrojo
- **Escrita escénica. As formas de escrita da imaxe en movemento**: do 31/01/20 ao 05/06/20, os venres de 17.00 a 20.00 h. Aula Circular de NORMAL
- **Interpretación/iniciación ao teatro**: do 29/01/20 ao 13/05/20, os mércores de 19.00 a 21.00 h. Aula 2.2 de NORMAL
- **Iniciación á danza contemporánea**: do 29/01/20 ao 04/05/20, luns e mércores de 20.00 a 21.30 h. Aula de Danza de NORMAL

INSCRICIÓN: do 08/01/2020 ao 24/01/2020 online en <https://cultura.udc.es>

PREZO:

- 40€ alumnado da UDC
- 60€ membros da comunidade universitaria da UDC
- 45€ persoas desempregadas/os ou con discapacidade
- **70€ público xeral**

*agás:

- "**Restauración de mobles**": 80€ alumnado UDC - 100€ membros da comunidade universitaria - 85€ desempregados/as e/ou discapacitados/as - 160€ público xeral
- "**Radio**": 18€ alumnado da UDC - 28€ membros da comunidade universitaria - 20€ desempregados/as e/ou discapacitados/as - 33€ público xeral

LUGAR / INFORMACIÓN:

Normal, Espazo de Intervención cultural da UDC

Paseo de Ronda 47 (15011 - A Coruña)

Tel.: 881 01 45 18 (mañás) - 881 014 511 (tardes)

correo-e: normal@udc.gal

www.facebook.com/istoenormal

WEB: www.udc.es

www.istoenormal.org
www.udc.gal/cultura

Obradoiros UDC
2ºC 2019/2020



NORMAL

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONCURSOS

Certame de Cartas de Amor 2020 de Cangas

A Concellería de Xuventude do Concello de Cangas, convoca o 17º Certame de Cartas de Amor.

INSCRICIÓNS: ata o 24/01/2020

REQUISITOS:

- Establécense as seguintes categorías: - Categoría A: ata 16 anos (nados en 2004) - Categoría B: a partir de 17 anos cumpridos (nados en 2003 e anteriores)
- Os traballos serán cartas referentes ao amor. A extensión máxima será de 2 folios mecanografiados a dobre espazo e co texto en galego.
- Os traballos deberán presentarse na Casa da Xuventude do Concello de Cangas acompañados dun sobre pechado no que se incluírán os datos da autora/or: nome, enderezo, teléfono e fotocopia DNI.

DOTACIÓN:

Categoría A:

- 1º premio: Vale por 75€
- 2º premio: Vale por 50 €
- 3º premio: Vale de 40 €

Categoría B: 3 premios estancia fin de semana 2 persoas en casa rural

MÁIS INFORMACIÓN:

Casa da Xuventude de Cangas

Rúa Real, 29 (36940 – Cangas, Pontevedra)

Tfno: 986 392 171

Email: xuventude@cangas.gal

Web: <https://cangas.gal>

*Arquivo: [Bases completas \(72 KB\)](#)



Certame Cartas de Amor

Concurso de carteis da Feira do Grelo das Pontes

O Concello das Pontes de García Rodríguez convoca un concurso para elixir o cartel e a imaxe publicitaria da 40 Feira do Grelo 2020.

INSCRICIÓNS: ata o 27/01/2020, ás 14:00 horas

REQUISITOS:

- Poderán participar persoas físicas ou xurídicas, individualmente ou en equipo.
- O tema das obras deberá facer referencia á Feira do Grelo das Pontes. Non se establecen límites na composición artística dos carteis, quedando á total liberdade dos autores a elección de cores e o número destes, representacións gráficas, motivos pictóricos, etc.
- Texto que se debe incluír: “40 FEIRA DO GRELO 22-23 de febreiro de 2020 As Pontes”; así como o escudo do Concello das Pontes e o logo de cultura (ambos proporcionados polo Concello)
- Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, non presentados a outros concursos. Todos os elementos do cartel deberán ser orixinais, excepto os logos do Concello de As Pontes
- Os carteis poderán ser realizados mediante calquera técnica ou procedemento, pero deberán presentarse en formato e soporte dixital, polo que os autores deber portar o correspondente soporte dixital ou similar con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos (formato editable), as fontes empregadas e, si fose o caso, os orixinais das imaxes en formato JPEG ou outros de uso público. O traballo presentado levará un lema que servirá para preservar a identidade do autor ata o fallo do Xurado

DOTACIÓN: un premio de 750 €.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello das Pontes de García Rodríguez

Parque Municipal, s/n. (15320 - As Pontes)

Tel.: 981 453 116 correo-e: cultura@aspontes.org

<https://vive.aspontes.org/o-concello-convoca-un-concurso-para-o-deseno-do-cartaz-da-feira-do-grelo-2020>

PUBLICACIÓN: [BOP 13/01/2020](#)



CONCURSOS

II Concurso de cortos "Mocidade ante o 8M"

O Departamento Confederado de Mocidade de USO lanza, en colaboración coa Secretaría de Formación Sindical e Igualdade, o II Concurso de Cortos, "A mocidade ante o 8M".

INSCRIPCIÓN: ata o 23/02/2020

REQUISITOS:

- Persoas maiores de idade, salvo os membros do xurado e persoas que ostenten cargos de responsabilidade en executivas da Unión Sindical Obreira.
- As protagonistas do curto deberán ser persoas novas, con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos. (os menores de 18 anos acompañarán o curto cunha autorización asinada)
- Os cortos, con duración máxima de 150 segundos, versarán sobre temas relacionados con micromachismos, feminismo, teito de cristal, igualdade de oportunidades... ou baixo a idea "A mocidade ante o 8M". Os vídeos deberán estar en horizontal, formato Full HD para que poidan reproducirse en diferentes dispositivos.
- Cada concursante pode enviar un máximo de 2 cortos, ou por correo-e a pablo.trapero@uso.es, ou por correo postal nun pendrive á Praza Santa Bárbara, 5-6ª planta, (28004 Madrid)

DOTACIÓN:

1º premio: 300€

2 accésit: 100€ cada un.

MÁIS INFORMACIÓN:

USO Unión Sindical Obreira

Príncipe de Vergara 13, 7ª planta (28001 – Madrid)

Tel: 91 577 41 13

Email: uso@uso.es

WEB: www.uso.es

*Arquivo: [Bases completas \(5 MB\)](#)



29º Certame de narracións breves Manuel Murguía

O Concello de Arteixo publica as bases do 29º Certame de narracións breves "Manuel Murguía", para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a súa figura.

INSCRIPCIÓN: ata o 29/02/2020

REQUISITOS:

- Autoras e autores cunha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
- Os relatos deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), cunha extensión mínima de 15 páxinas e máxima de 30, con letra Arial, corpo 12 e tamaño DIN A4.
- Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntárase unha copia do texto nun PEN ou CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse o título, o lema, o nome, o enderezo, o teléfono e o currículo do autor ou autora.

DOTACIÓN:

1º premio: 4.000 €

2º premio: 1.500 €

3º premio: 600 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Arteixo

Praza Alcalde R. Dopico, 1 (15142 Arteixo)

Teléfonos 981 600 009 - 981 659 000

Email: cultura@arteixo.org

Web: www.arteixo.org

Publicación: [BOP 16/12/2019](#)

*Arquivo: [Bases completas \(457 KB\)](#)



Concurso de Curtas Senda dos Faros

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocan o Concurso de Curtas Senda dos Faros.

INSCRIPCIÓNS: ata o 30/01/2020 (a data límite de envío dos vídeos será o 30 de marzo de 2020)

REQUISITOS:

- Poderán participar centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e FP que impartan ensinanzas sostidas con fondos públicos de ESO, bacharelato, FP básica, ciclos formativos de grao medio e ensinanzas especiais de grao medio.
- Cada centro poderá presentar un máximo de 2 vídeos. O alumnado participará en grupo, cun mínimo de 2 integrantes. En cada traballo presentado debe haber un docente que exerza como responsable da xestión dos contidos, das imaxes e do son do vídeo que se presente.
- A solicitude será formalizada pola dirección do centro (segundo o modelo do [anexo I](#) da convocatoria) ao correo-e curtas@sendadosfaros.gal. No asunto indícarase "Concurso Senda dos Faros" e o nome do centro. Presentarase unha solicitude diferente para cada vídeo.
- Os vídeos deben estar realizados integramente en lingua galega e a súa temática estará relacionada coa Senda dos Faros, entendida como unha viaxe multidimensional polas múltiples facetas do territorio litoral de Galicia.
- A modalidade dos traballos é libre (curtametraxes, dramatizacións, videoclips etc.) e admitiranse distintas técnicas de elaboración (animación, stop motion, cámara rápida...). Poderán ser creados con calquera dispositivo electrónico de boa calidade (teléfono móbil, cámara de vídeo, cámara fotográfica, tableta...). Realizaranse en horizontal, en cor ou en branco e negro, e terán unha duración máxima de 5 minutos (incluídos os títulos de crédito). Enviaranse a través de Velaquí ou We Transfer a curtas@sendadosfaros.gal en formato dixital, preferiblemente mp4, con resolución para web (mínimo 1.280 x 720 píxeles)

DOTACIÓN:

1º Premio:

- Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020)*
- Cheque-regalo de 600 € para material audiovisual ou literario en lingua galega
- Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine.

2º Premio:

- Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020)*
- Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine
- Cheque-regalo de 400 € para material audiovisual ou literario en lingua galega.

3º Premio:

- Proxección da curta no festival de Cans (maio de 2020)*.
- Charla-obradoiro cunha persoa profesional do mundo do cine.
- Cheque-regalo de 200 € para material audiovisual ou literario en lingua galega.

Premio do Público, Premio á mellor actriz e Premio ao mellor actor: Figura e diploma acreditativo, cada un.

Docentes responsables dos vídeos galardoados co 1º, 2º e 3º premio: certificación de Premio de Innovación Educativa, cunha equivalencia de 20 h. de formación permanente do profesorado

**Inclúe o transporte e a visita guiada pola aldea para 25 alumnos/as, co obxectivo de coñecer todo o relativo ó festival na xornada de proxección das curtas.*

MÁIS INFORMACIÓN:

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque, 2 (15781 Santiago de Compostela)

Tel.: 881 996 324

Correo-e: sxpl.secretaria@xunta.gal

Web: www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/concurso-curtas-senda-dos-faros

*Arquivo: [Bases completas \(481 KB\)](#)



Tarxeta Xente Nova: ampliación da idade ata os 20 anos

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia amplía o prazo de vixencia da tarifa Xente Nova para o ano 2020, ao tempo que aproba a ampliación do seu uso á poboación moza entre os 4 e os 20 anos (ambos incluídos) e a expansión de maneira progresiva ao conxunto do territorio de Galicia

Dende a entrada en vigor desta orde, a tarifa Xente Nova resultará de aplicación nos servizos interurbanos de transporte público regular de viaxeiros/as por estrada de uso xeral das actuais áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo.

A expansión territorial do ámbito de aplicación da tarifa Xente Nova ata abranguer a totalidade da Comunidade Autónoma efectuarase progresivamente

CANDO: o prazo de vixencia da tarifa abrangue ata o 31/12/2020

REQUISITOS:

- Persoas usuarias do transporte público regular interurbano de uso xeral por estrada con idades comprendidas entre os 4 e os 20 anos de idade, inclusive
- Tramitación: solicitar cita (a través da **aplicación** <http://tmg.xunta.gal/xente-nova-como-consequila>) nunha oficina Abanca e, unha vez alí, presentar o DNI. Para os menores de idade, deberá solicitala a/o representante legal que, xunto cos DNIs, terá que levar o libro de familia ou documentos equivalentes

DOTACIÓN:

A tarifa Xente Nova supón o reintegro do 100 % do importe das viaxes metropolitanas interurbanas, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.

CONTACTO:

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Tel. de información da Xunta de Galicia: 012

correo-e: tmg@xunta.gal

WEB: <http://tmg.xunta.gal>

PUBLICACIÓN:

[DOG do 26 de agosto de 2016](#) (Regulación da tarifa)

[DOG do 27 de decembro de 2017](#) (Ampliación prazo de vixencia da tarifa)

[DOG do 14 de decembro de 2018](#) (Ampliación prazo de vixencia da tarifa)

[DOG do 31 de decembro de 2019](#) (Ampliación do prazo de vixencia da tarifa, do requisito de idade e o ámbito territorial de aplicación)

